



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PROXECTO “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE”, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO A TRAVÉS DA INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL E GARANTÍA XUVENIL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral, DECLARA:

Que esta Dirección xeral de Orientación e Promoción Laboral ten previsto formalizar co concello de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

“Recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida a través dos itinerarios formativos asociados ós certificados de profesionalidade para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos asociados a cada un destes certificados de profesionalidade, poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia.

O obxectivo da formación desenvolvida é proporcionar ás persoas que nela participen unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral, obxectivo que é compartido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

A formación impartida realizarase de xeito presencial e desenvolverá todos os módulos formativos incluídos nos certificados de profesionalidade referidos.

Os medios materiais e didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación, responderán ós requirimentos esixidos nos reais decretos onde se regulan os certificados de profesionalidade correspondentes a cada itinerario”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

“A Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entidades Locais, pertencente ó Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, a través da Resolución de 6 de febreiro de 2017 convoca axudas AP-POEJ para o ano 2017, que se rexerán polas disposicións





establecidas na Orde HAP/1337/2016, do 27 de xullo, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil, destinadas á integración sostible de persoas xoves no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil.

En cumprimento do obxectivo específico 8.2.2, do eixo 5 do Programa Operativo de Emprego Xuvenil, estas axudas teñen como finalidade a realización de actividades formativas que contribúan a reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais da mocidade non ocupada e non integrada nos sistemas de educación e formación, que teña entre dezaseis e trinta anos, e estea inscrita no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

As axudas AP-POEJ financiaranse mediante recursos do Fondo Social Europeo e da Iniciativa de Emprego Xuvenil, como instrumento financeiro da Garantía Xuvenil, no marco de intervención do FSE 2014-2020.

Igualmente, recóllese nesta Resolución que as entidades beneficiarias desta subvención son, por unha banda, os concellos con poboación superior a 50.000 habitantes, e por outra, as Deputacións, Cabildos Insulares e Comunidades Autónomas uniprovinciais ou Organismos Autónomos dependentes das anteriores.

O Concello de Vigo presentou o proxecto “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE” a esta convocatoria de axudas.

A través da Resolución do 6 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, concedéuselle unha axuda para un orzamento total elixible de 1.048.928,35 €”

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral

(asinado dixitalmente)

José Alfonso Marnotes González

